

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DIA 30 DE XANEIRO DE 2017. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbbase a referenciada acta por unanimidade.**-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN INICIAL DA “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 22 de marzo de 2017 sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalou que o 29 de abril de 2014 comezou a fase de elaboración, tendo un amplo contido que vai desde recoller demandas veciñais ata adecuar o PXOM aos trazados de titularidade autonómica e provincial, consecuencia de obras realizadas, ademais de eliminar parte de vías municipais para evitar afeccións de solos privados e obter unha garantía de seguridade xurídica para os veciños e técnicos informantes, engadindo que, ao igual que na comisión, votarían a favor.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, aludiu a que lle parecía ben a proposta e votaría a favor, agardando que o empeño que puxeron os técnicos para este tema, tamén o teñan para outros.

O Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, destacou que na modificación recóllense 3 ou 4 cuestións que eran reivindicacións dos veciños e que o trámite foi longo, como consecuencia da entrada en vigor da nova Lei do Solo.

A Sra. Deza Martínez dixo que non estaba do acordo co manifestado polo anterior interviniente, porque o informe ambiental entrou o 23 de decembro de 2015 e a lei foi de marzo de 2016, habendo tempo para facer a aprobación inicial, polo que, de actuar coa dilixencia debida, puido aprobarse facía un ano.

O Sr. Fernández Piñeiro precisou que non estaba completo o expediente, porque estaba pendente o informe medio ambiental

O Sr. Alcalde manifestou que a modificación redundaría en beneficio dos veciños e agradeceu a todos os grupos o seu voto a favor.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: prestar aprobación inicial á Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo, contida no documento asinado o 15 de marzo de 2017 por D^a M^a Asunción Lorenzo Outón, D. José Manuel Rey Rial e D. Rafael Vázquez Abal.

SEGUNDO: suspender os procedementos de outorgamento de licenzas co contido e o alcance que se determina no documento “*Suspensión de licenzas como consecuencia da aprobación inicial da Modificación Puntual nº 6 do PXOM de Sanxenxo*”, incorporado ao expediente.

TERCEIRO: ao abeiro do disposto no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, **someter o expediente completo a información pública** durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e en un dos xornais de maior difusión na provincia.

CUARTO: simultaneamente, **trasladar a documentación sometida a información pública ao órgano competente en materia de urbanismo**, quen realizará as consultas previstas no Informe Ambiental Estratéxico, dará audiencia aos concellos limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos; e **solicitar os demais informes sectoriais que resultasen preceptivos**, relacionados polos técnicos municipais nos seus informes.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO “REGULAMENTO DO SERVIZO DE EMPRESTITO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE SANXENXO”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 22 de marzo de 2017 sobre esta proposta.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que se trataba de complementar o Servizo de Axuda no Fogar mediante axudas técnicas, que procedeu a resumir, a persoas en situación de dependencia.

A Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, especificou que aplaudían as iniciativas para mellorar a calidade de vida dos dependentes, polo que votarían a favor da proposta, necesaria para complementar o Servizo de Axuda no Fogar, implantado no seu momento de forma exitosa polo Partido Popular.

A Sra. Fernández Agraso precisou que se podía aplicar a dependentes que non estivesen no Servizo de Axuda no Fogar.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, dixo que lle parecía ben esta iniciativa.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o “**REGULAMENTO DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE SANXENXO**”, que se achega a esta proposta e que consta de **once Artigos e catro Anexos**.

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o expediente, para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobada a ordenanza no caso de que estas non se producisen.

TERCEIRO: o presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro da “**REGULAMENTO DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE SANXENXO**” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o

prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.”-----

4) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CONTRATACIÓN DA “POSTA A PUNTO, REPARACIÓN E POSTERIOR MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DOS EQUIPAMENTOS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADOS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** do **22 de marzo de 2017** sobre a proposta do acordo que, na súa parte dispositiva, se transcribe literalmente a continuación:

“PRIMEIRO: aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas para a contratación da **“POSTA A PUNTO, REPARACIÓN E POSTERIOR MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DOS EQUIPAMENTOS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADOS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”**, durante o prazo de **SEIS (6) ANOS** e dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, que será aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

SEGUNDO: autorizar o gasto de **93.654,00 €**, por anualidade completa de 12 meses, IVE incluído, previsto na prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas para a execución do contrato, co compromiso de incluír nos futuros presupostos a financiación necesaria para atender as contraprestacións económicas que resulten para o concello de Sanxenxo da adxudicación deste contrato.

TERCEIRO: a efectos de conseguir a maior celeridade posible na tramitación do expediente, delegar na Alcaldía a realización de todos os trámites de competencia do órgano de contratación previos a adxudicación do contrato.”

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que esta proposta chegaba tarde, xa que o goberno actual entrou en xuño de 2015 e sabendo cando finalizaba o contrato, pasaron o verán con colectores que non daban servizo, lembrando que no anterior pleno ordinario non se trataron asuntos, cando houbo tempo suficiente para traer este. A concelleira interviniente anunciou o voto en contra á proposta e resaltou que no expediente non figura ningún informe dos técnicos municipais ao prego de prescricións técnicas, discrepando no prazo do contrato e na cota, porque despois dunha inversión de 80.000 euros para arranxar os colectores, non se entendía que unha vez reparados requirisen un mantemento cun prezo tan alto.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, despois de afirmar que votaría en contra da proposta, indicou que o goberno municipal tiña que falar as cousas con tempo, non existindo diálogo, destacando que se pagarán 80.000 euros en arraxar os colectores e despois vanse a abonar unhas cantidades no seu mantemento, que o goberno municipal puido facer o contrato por 4 anos e que os pregos non estaban revisados polos técnicos do concello, non crendo que non estivesen preparados para auditar estes equipamentos, finalizando para dicir que había unha inversión sen presupostos aprobados e que a obra de Rocafort ía sen este tipo de colectores.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que non lles satisfacía ter que investir esta cantidade, produto dunha etapa na que se tiraron os cartos en mantemento, sen facer reposicións, non sendo casual que algún colector estea inhabilitado para a súa utilización, matizando que os 43.000 euros que se gastaron non servían para nada. O edil interviniente explicou que o contrato ía a seis anos para minorar a súa contía e que estas infraestruturas están sendo deixadas de utilizar nalgún concello porque presentan problemas

notables, finalizando a súa intervención para aludir a que a oposición ven a dicir que esta auditoría feita por técnicos especialistas non era fiable e que, ante a necesidade deste investimento, teñen unha actitude de bloqueo que prexudica aos veciños.

A **Sra. Lago Martínez** preguntou porque debatía neste punto o anterior interveniente, contestando o **Sr. Alcalde** que era o voceiro do grupo de goberno. A concelleira no uso da palabra proseguíu preguntándose que fixo o grupo de goberno no último ano neste tema e precisando que non foi capaz de ver en que consistía o gasto en mantemento e mais cando debe existir unha garantía do material repostado. Tamén a interveniente indicou que desde o goberno poden tomar outra decisión, preocupándolle que pasará entre medias, engadindo que tres empresas do sector consideraban que se podía facer a reposición e o mantemento por menos prezo, motivos todos os citados polos que votarán en contra da proposta.

O **Sr. Agís Balboa** destacou que agora se fan auditorías e, cando estivo no goberno, o que quería facer auditorías era el e que foi o único que publicou as contas, sinalando que non lle parecía ben que a mesma empresa que fixo a auditoría, fose a que redactou o prego, recalcando que ía votar en contra da proposta.

A **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, explicou que con 80.000 euros, conseguiríase poñer en marcha os colectores con certa seguridade e que, dentro do custo do mantemento, contemplábase o preventivo e o correctivo.

O **Sr. Alcalde** sinalou que lle sorprendeu a falta de responsabilidade por votar en contra da proposta, sabendo como están os colectores e que os argumentos dados podían valer como unha crítica, pero non para xustificar o voto en contra, engadindo que este prego partiu dunha valoración técnica dada nunha auditoría e que os 80.000 euros era a inversión necesaria para arranxar os colectores. En canto ao dito pola representante do **Grupo Municipal do Partido Popular** sobre o prezo, lembrou que este era o de licitación, non o de adxudicación, xa que as empresas podían facer baixas, rematando a súa intervención para dicir que están ante unha situación herdada, que buscan outras solucións a 4 anos, tamén para evitar prexudicar a imaxe deste concello, aínda que outros se están a plantear utilizar este tipo de colectores polos problemas que causan, afectando mesmo a seguridade das persoas e dos traballadores.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta transcrita ao comezo deste punto a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a proposta non resultou aprobada, ao non obter a maioría dos votos favorables dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.**-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 06/02/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 1.047) MEDIANTE O QUE SE INDICA QUE CON DATA DO 31/01/17 PROCEDEUSE A COMUNICAR AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 4º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 06 de febreiro de 2017, rexistrado de entrada co número 1.047, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 31.01.17, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, referido ao cuarto trimestre, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 6 de febreiro de 2017”

Adxunto a este escrito figuran 1 folio, co selo do concello e numerado co número 1 tendo volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 06/02/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 1.048) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE O 31/01/17 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O INFORME CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016 DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 06 de febreiro de 2017, rexistrado de entrada co número 1.048, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2. Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3. O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao cuarto trimestre de 2016, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.01.17, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 6 de febreiro de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 107 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 107, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106 e 107 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 06/02/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 1.049) ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 4º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 06 de febreiro de 2017, rexistrado de entrada co número 1.049, que a continuación se transcribe literalmente:

“ Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao cuarto trimestre de 2016, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 6 de febreiro de 2017”.

Adxunto a este escrito figuran 74 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 74, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 24, 25, 27, 29, 30, 32, 39, 40, 42, 49, 50, 52, 53, 55, 57, 58, 60, 65, 66, 68 e 74 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 06/02/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 1.050) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 06 de febreiro de 2017, rexistrado de entrada co número 1.050, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 4º trimestre de 2016, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 3º trimestre de 2016 e o 4º trimestre de 2016 é a seguinte

3º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	24,91	43,16	9,36	6,33	8,29
PMPP	20,65	120,46	5,60	0,00	29,86

4º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	20,06	30,37	16,11	3,11	0,45
PMPP	8,04	36,77	3,87	0,00	122,00

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 6 de febreiro de 2017”.

-CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTR E	4	AÑO	2016
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	14,32		52,00	15.225,09		
Art. 21	15,83		87,00	38.416,56	6,00	2.456,29
Art. 22	21,66		453,00	750.615,35	302,00	182.770,34
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						

2 sin desagregar						
Cap. 6	9,52		20,00	115.237,34	1,00	2.618,00
				919.494,34		187.844,63
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	13,35		5,00	22.746,53		
Art. 22	9,10		45,00	84.745,58		
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	6,96		12,00	194.078,22		
				301.570,33		0,00
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento o PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

-OA "TERRA DE SANXENXO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	4	AÑO	2016
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	34,19		10,00	10.241,66	4,00	4.477,00
Art. 21	19,53		36,00	25.770,59	7,00	3.443,58
Art. 22	30,83		145,00	330.679,46	79,00	309.934,23
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	29,34		7,00	16.134,74	2,00	15.319,93
				382.826,45		333.174,74
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	19,00		1,00	1.481,22		
Art. 21						
Art. 22	37,09		21,00	48.680,58	55,00	34.405,33
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				50.161,80		34.405,33
TERRA			Pendiente de reconocimiento			

	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

-“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	4	AÑO	2016
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	15,95		97,00	92.696,85		
Inmovilizado (2)	26,37		2,00	1.485,88		
Sin desagregar						
Total				94.182,73		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago pendiente PMPP	Período medio pago pendiente excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	3,34		21,00	4.722,70		
Inmovilizado (2)	5,27		2,00	1.797,33		
Sin desagregar						
Total				6.520,03		0,00

-“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	4	AÑO	2016
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	3,11		5,00	903,48		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				903,48		0,00
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,00		2,00	45,70		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				45,70		0,00

-“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	4	AÑO	2016
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,45		8,00	2.015,39		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				2.015,39		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	122,00				1,00	424,46
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		424,46

Adxunto a este escrito figuran 15 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 15, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 03/03/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 2082 DO 06/03/17) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 03/03/17 REMITIUSE TELEMATICAMENTE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O CUESTIONARIO RELATIVO Á INFORMACIÓN IMPOSITIVA MUNICIPAL DO EXERCIZO DE 2017. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 03 de marzo de 2017, rexistrado de entrada co número 2.082, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase cuestionario relativo á información impositiva municipal do exercicio de 2017, remitida telematicamente con data de hoxe. Sanxenxo, 3 de marzo de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3, tendo o folio número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 03/03/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 2.083 DO 06/03/17) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 03/03/17 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A AVALIACIÓN DA CONSOLIDACIÓN FISCAL RELATIVA AO ORZAMENTO DE 2017 PRORROGADO. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 03 de marzo de 2017, rexistrado de entrada co número 2.083, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase avaliación da consolidación fiscal relativa ao orzamento de 2017 prorrogado, que se remitiu ao Ministerio de facenda e administracións públicas con data 03.03.17.

Datouse o relativo as previsión das entidades mercantís dependentes.

Achéganse anexos sobre as avaliacións así como o resgardo telemático de remisión.

Co rogo da súa elevación ao Pleno da corporación para constancia, de acordo ao disposto na Orde HAP/2105/2010 de 1 de outubro. Sanxenxo, 3 de marzo de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 91 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 91, tendo os folios números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 39, 40, 41, 43, 44, 46, 47, 48, 49, 51, 52, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 67, 68, 69, 71, 72, 74, 75, 76, 77, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90 e 91 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 17/03/17 (R. DE ENTRADA NÚM. 2.662 DO 20/03/17) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 14/03/17 REMITIUSE TELEMATICAMENTE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2017-2020). O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 17 de marzo de 2017, rexistrado de entrada co número 2.662, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, o día 14.03.17, do marco orzamentario a medio prazo (2017-2020), a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

O mencionado marco orzamentario elaborouse sobre a base das seguintes especificacións:

“O presente marco orzamentario realizouse tomando como base, o orzamento aprobado de 2016 prorrogado a 2017, e para as anualidades 2018-2020 o plan de axuste aprobado polo Pleno da Corporación, no ano 2012, e validado polo ministerio, coas lóxicas adaptacións que, sucintamente, son:

A) Do lado dos ingresos

1º. En canto ao IBI, considerouse a entrada en vigor da nova ponencia de valores para o exercicio de 2015, pero sen variación respecto de 2014, polo tipo de gravame aprobado do 0,48 %. Tómanse, pois, como referencia os valores de dereitos recoñecidos e recadados da liquidación de 2014.

2º. Están en marcha as medidas de inspección fiscal, en especial, en materia de IBI e ICIO.

3º. O ICIO mantense conforme ao plan de axuste e pasa a ser un ingreso afectado a superávit, reservas, provisións ou responsabilidades indemnizatorias, tal e como se estableceu no plan de axuste e bases de execución do orzamento vixente (menor contía que os dereitos recoñecidos en 2014)

4º. As previsións dos capítulos III, IV, V, VI e VII mantéñense nos criterios do marco do plan de axuste, coa especificidade da prohibición da presupuestación inicial de subvencións correntes ou de capital, que deberán ser incorporadas ao orzamento mediante modificación orzamentaria, unha vez confirmadas.

5ª. Mantense a prohibición do recurso ao endebedamento a longo prazo durante todo o escenario do plan de axuste, é dicir, ata 2022 incluído.

B) Do lado dos gastos

1º. O gasto de persoal de 2017 orzáméntase conforme ao orzamento prorrogado; para as anualidades 2018-2020 tómase como base o orzamento de 2016 prorrogado, que asume, desde 2013, a subrogación do persoal do servizo de limpeza e conserxerías (contrato externo suprimido) e decrementado polas amortizacións de prazas por xubilación e outras causas, previstas ou non no plan de axuste e efectivas no trienio 2012-2014.

2º. En canto ao gasto corrente tómase como referencia para o ano 2017 o orzamento prorrogado e para as restantes anualidades a base do plan de axuste. Así mesmo se actualizan as cantidades do plan quinquenal 2013-2017 de devolución de cantidade diñeraria derivada de executoria xudicial en materia urbanística.

3º. No capítulo III actualízase o importe das anualidades 2017-2019 polo efecto da executoria anteriormente mencionada e elo no que respecta ao intereses de demora devengados. Polo demais mantense o preciso para o servizo da débeda nos termos do marco do plan de axuste.

4º. Os capítulos IV e VII mantéñense nos termos do plan de axuste, de poder viabilizarse como gasto voluntario, sen prexuízo das transferencias a entes dependentes. Exceptuase unha transferencia de capital a favor da empresa estatal ACUAES de 176.794,31 euros por execución de obras hidráulicas.

5º. Non se prevén gastos derivados de activos financeiros.

6º. O gasto en pasivos financeiros mantense nos termos do marco do plan de axuste para facer fronte ao servizo da débeda a longo prazo.

7º. O gasto resultante corrente ten un incremento interanual do 0 %.

Especifícanse as medidas do lado dos ingresos e dos gastos concordantes co plan de axuste”.

A mencionada obriga garda concordancia co disposto no artigo 29 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, que literalmente di:

“Artículo 29. Plan presupuestario a medio prazo.

1. Se elaborará un plan presupuestario a medio prazo que se incluírá en el Programa de Estabilidad, en el que se enmarcará la elaboración de los presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública y de conformidad con la regla de gasto.

2. El plan presupuestario a medio plazo abarcará un periodo mínimo de tres años y contendrá, entre otros parámetros:

a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública y regla de gasto de las respectivas Administraciones Públicas.

b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el periodo considerado.

c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.

d) Una evaluación de cómo las medidas previstas pueden afectar a la sostenibilidad a largo plazo de las finanzas públicas.

3. Las proyecciones adoptadas en el plan presupuestario a medio plazo se basarán en previsiones macroeconómicas y presupuestarias elaboradas conforme a las metodologías y procedimientos establecidos en el proceso presupuestario anual.

4. Toda modificación del plan presupuestario a medio plazo o desviación respecto al mismo deberá ser explicada.” Sanxenxo, 17 de marzo de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 17 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 17, tendo os folios números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 20 DE DECEMBRO DE 2016 AO 28 DE FEBREIRO DE 2017 (DE RES. Nº 1988/16 A RES Nº 374/17). O Sr. **Presidente** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 20 de decembro de 2016 ao 28 de febreiro de 2017**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO ESPAZO PÚBLICO MUNICIPAL. O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Marcos Guisasola Padín, voceiro do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO ESPAZO PÚBLICO MUNICIPAL

O concello de Sanxenxo é un municipio eminentemente turístico, no que destaca o sector servizos como un dos principais motores da nosa economía, sendo un dos concellos de España que máis visitantes recibe, de xeito que chega a multiplicar a súa poboación, ata por cinco, na época estival, polo que resulta imprescindible regular o uso do espazo público dentro da esfera de competencia municipal, asegurando a convivencia do uso público coa utilización privada.

A aprobación da Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo, e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, máis coñecida como “Lei Antitabaco”, supuxo que se impulsase a instalación de terrazas, o que provocou unha transformación da paisaxe urbana e un incremento da demanda por parte dos titulares dos establecementos.

As terrazas contribúen ao espaxamento e ás relacións sociais, e favorecen a proxección de imaxe aberta, dinámica e vitalista do noso municipio. Non podemos ser alleos as sinerxías que estas instalacións xeran en torno ao emprego, á economía e ó turismo. Non obstante, este aproveitamento debe realizarse dun xeito ordenado, polo que consideramos necesario establecer a súa regulación e límites ó seu exercicio, co fin de garantir a protección dos dereitos dos veciños e visitantes, relativos ao uso deses espazos públicos, seguridade pública, tranquilidade e descanso, accesibilidade, así como a protección do medio ambiente, da paisaxe urbana e das características propias do noso municipio e cada unha das súas zonas.

Debe promoverse, por tanto, unha ordenanza que garanta a prevaecía da utilización pública e do interese xeral sobre a utilización privada, respectando os dereitos dos viandantes, os consumidores e a seguridade das instalacións. Unha regulación que contemple o tratamento das terrazas de forma integral e que abarque non só o aspecto estético e a racionalización do espazo ocupado, senón tamén, de maneira específica, os aspectos relacionados coa accesibilidade.

Polo tanto, a instalación de mesas e de cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público, consonte o artigo 73.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que dispón no seu artigo 77.1 que o uso común dos bens de dominio público suxeitarase a autorización, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ao Pleno do Concello esta **MOCIÓN SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO ESPAZO PÚBLICO MUNICIPAL**, e instamos ao goberno a:

- Realizar todos os trámites oportunos para a aprobación dunha ordenanza reguladora da instalación de terrazas no espazo público municipal, incluídas as consultas que sexan necesarias co sector hostaleiro. Sanxenxo, 27 de marzo de 2017.”

O **Sr. Guisasola Padín** xustificou a urxencia da moción pola necesidade de regular as terrazas, dado que se acerca a época estival.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Guisasola Padín** aludiu a que o goberno estaba a realizar unha ordenanza mediante unha asistencia externa que custaba 14.000 euros, dixeron que a ían a traer e aínda non o fixeron, lembrando que no goberno anterior, por mor da entrada en vigor da lei anti tabaco, que foi cando xurdiu realmente a problemática, xa mediante o persoal da casa, fíxose un traballo, polo que agora pídenlle ao goberno municipal que se poñan as pilas.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, lembrou unha reunión en febreiro de 2016, na que o **Sr. Otero Domínguez** dixo que ía traballar nunha ordenanza de terrazas e non se fixo nada, cando é necesaria a súa regulación, lamentando que todo se contrate con xente externa.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que apoiarán a moción porque non dicía nada e reflectía a actitude do PP nos gobernos anteriores, xa que só existe unha ordenanza fiscal e o traballo aludido é, unicamente, sobre as rúas. O concelleiro interviniente explicou que pretendían facer unha ordenanza que abarcará toda a ocupación da vía pública, posto que é necesario regular moitas cuestións, como a da accesibilidade e evitar o descontrol, preguntando cantos expedientes de infracción abríronse polo goberno anterior, posto que sempre houbo un PXOM aprobado, engadindo que coa nova normativa de procedemento administrativo, tense que facer unha consulta para que opinen os cidadáns e logo terase que buscar o maior consenso, solicitando que todos se mollen neste asunto.

O **Sr. Guisasola Padín** sinalou que de consenso non pode falar moito o goberno municipal nestes dous anos, encontrándose o seu grupo político disposto a traballar. O edil no uso da palabra díxolle ao anterior interviniente que levantasen as ocupacións que tivesen infraccións e engadiu que debía procederse á regulación das terrazas de modo integral, pero se ían polo tema

fiscal, aí teríanos en contra, rematando para agradecer o apoio á moción e aludir a que agora parecía que os técnicos municipais non valían para nada.

O **Sr. Agís Balboa** lamentou que non se fixese tamén exposición pública do proxecto da Avenida Rocafort, manifestou que algúns levaron mais de 10 anos facendo oposición e non cría que aprobasen moitos asuntos co PP e agora piden dialogo, lembrando que terán que falar con el.

O **Sr. Otero Domínguez** especificou que o estudio encargado valerá para regular as terrazas e tamén para outras ordenanzas, como a dos vaos, pretendendo aplicar o prezo real por zona, encontrándose o traballo iniciado para resolver este problema dunha forma lóxica e razoada.

O **Sr. Alcalde** indicou que apoiarán a moción, porque xa levan traballando neste tema un tempo, indicándolle ao **Sr. Guisasola Padín** que nos 4 anos anteriores, no que estivo ao fronte da concellería competente, o único avance foi un informe da policía, rematando para dicir que cando se trata de sacar asuntos que requiran certa especialización é necesario acudir a técnicos externos para sacalos adiante, tal e como se fixo tamén para o contrato de electricidade, telefonía e mesmo o dos colectores soterrados.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.** -----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAR A REFORMA DA AVENIDA LUIS ROCAFORT. O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

"Telmo Martín González, voceiro do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA MELLORAR A REFORMA DA AVENIDA LUIS ROCAFORT

Son moitos os erros que o goberno tripartito cometeu, e está a cometer, na reforma da Avenida Luís Rocafort. O primeiro, e máis grave, é ter demorado o inicio desta obra máis dun ano e medio. Non podemos obviar que foi o anterior goberno do Partido Popular quen deixou resolto o proxecto. Recorden, senón, cal foi unha das primeiras instantáneas nas que aparece o Sr. Alcalde, alá por xullo do 2015, cando o anterior presidente da Deputación presentou o proxecto, xa adxudicado, cun orzamento de máis de 1.100.000 €.

Veuse entón o cuatripartito (agora tripartito) arrastrado polo afán do recente estreado goberno da Deputación de levar o mérito doutros, a paralizar o tan ansiado proxecto, coa escusa de que non cumpría coas previsións do PXOM de Sanxenxo. E isto, a pesar de que o informe do arquitecto municipal, con data de decembro de 2014, expresaba literalmente: *"...o vial de referencia atópase dentro da delimitación do solo urbano consolidado do núcleo de Sanxenxo e as obras de urbanización que se pretenden se executan dentro das aliñacións establecidas polos planos de ordenación do PXOM vixente para o vial de referencia, ADECUÁNDOSE AS OBRAS PROXECTADAS AS NORMAS DE URBANIZACIÓN ESTABLECIDAS POLO PLANEAMENTO; e de conformidade co artigo 67.3 do regulamento de planeamento, poderán redactarse proxectos de obras ordinarias que non teñan por obxecto desenrolar integramente o conxunto das determinacións do plan de ordenación; por todo o exposto, as obras de urbanización que se pretenden son viables urbanísticamente de conformidade coas determinacións establecidas polo PXOM e lexislación urbanística"*.

Escudábase o goberno en que non se formalizaran as debidas cesións para completar a urbanización e, con todo, case dous anos despois, e visto o novo proxecto, pódese comprobar que tampouco agora se teñen comprometidas todas as cesións necesarias, polo que a situación actual segue sendo a mesma. O

que significa que simplemente paralizaron a reforma para tan poucas modificacións, que podían realizarse sobre o anterior proxecto, ata o punto de que a diferenza entre a adxudicación do primeiro proxecto e do segundo non chega ao 10%.

Unha reforma que tiña o visto bo, tanto dos técnicos da Deputación como dos municipais. Cuestión que non aconteceu co actual proxecto, xa que se iniciaron as obras sen os perceptivos informes, emitidos con posterioridade, e nos que se fai referencia a unha deficiencia importante respecto do anterior, xa que non se xustifica o cumprimento da Lei 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas da Comunidade Autónoma de Galicia, nin do Decreto 35/2000 de 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei, nin da Orden VI/564/2010 de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Con todo isto, retrasaron o comezo das obras 18 meses, pois tiña que estar iniciada en setembro de 2015 e concluída, por tanto, fai un ano.

Prometeron dende a Deputación unha “licitación exprés”, aproveitando, iso si, o convenio asinado entre os anteriores gobernos provincial e local, en data 15 de abril de 2016, no que o órgano provincial asumía o 69,97% do financiamento e o local o 30,03%. Aquel, con cargo ás aplicacións 16/456 4530 612.02.2015 e 16/456 4530 612.02.2014 do seu orzamento e a achega do Concello concedida na súa orixe polo procedemento de concorrencia no marco das axudas do Plan Urxente de Mantemento de Servizos e Infraestruturas Municipais 2014 (PUSIM/14) e incorporadas as aplicacións referidas do orzamento provincial. É dicir, non fixeron nada máis que retrasalo porque si. Os cartos xa estaban, e o proxecto tamén.

A posteriori aseguraron que a reforma estaría lista para o verán de 2017 e, agora, vaise realizar unha fase antes do comezo do verán e outra despois.

Ao tratarse dunha das principais vías do Concello, dende o Grupo Municipal do Partido Popular preguntámonos se, xa que non vai a estar rematada para este verán, non sería mellor comezar a obra despois da temporada estival e facela así nunha única fase.

Todos somos conscientes de que a Avenida Luís Rocafort require unha profunda humanización, que debe apostar por un tráfico calmado e un maior protagonismo do peón. Así e todo, é posible facelo resolvendo unha das principais preocupacións dos comerciantes e usuarios desta vía, é dicir, non reducindo de forma tan drástica o número de prazas de aparcamento.

Explica a Plataforma, que esta avenida dispoñía ata agora de 162 prazas de aparcamento. O actual proxecto elimina 106. Polo tanto, quedan un total de 56 prazas de estacionamento ao longo da mesma. Sexan así ou non as cifras exactas, o que é evidente, e ninguén pode cuestionar, é que o novo proxecto reduce substancialmente o número de prazas con respecto ao orixinal.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que é compatible manter oitenta ou noventa prazas de estacionamento sen prexudicar a remodelación da Avenida.

Hai tramos de Luís Rocafort que teñen 24 metros de ancho. Se, en lugar de beirarrúas de 6 metros, se fan de 3 metros, os vehículos poderían aparcar en batería e se incrementaría considerablemente o número de prazas.

Pero ese só é un dos moitos puntos que nos preocupan do novo proxecto de reforma da Avenida, tanto a nós como á Plataforma de afectados. Pero o goberno non parece ter ansia de escoitar nin a uns nin a outros. Senón ¿cómo se explica que a pesar de que o tripartito coñece o proxecto dende o mes de setembro, non fose quen de presentarllo ós veciños? Tivo tempo de sobra, xa que só estivo exposto na Deputación, e así poderían ter acordado con eles os cambios que reclaman. Non obstante, tiveron que ser os veciños os que solicitaron unha reunión ao Alcalde para coñecer o proxecto polo miúdo.

Despois desta reunión, a Plataforma de Afectados pola urbanización da Avda. Luís Rocafort, presentou un escrito con 11 puntos no Rexistro do Concello, con data 13.03.17, no que se recollen todas as

demandas e melloras que consideramos deberían ter sido xa acordadas con anterioridade ao comezo das obras.

Con esta moción que hoxe presentamos, esperamos que o tripartito aprenda dos seus erros, realice os cambios pertinentes no proxecto e chegue a consenso con veciños e comerciantes.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ao Pleno do Concello esta **MOCIÓN PARA MELLORAR A REFORMA DA AVENIDA LUIS ROCAFORT**, e instamos ao goberno a:

- Ampliar o número de prazas de estacionamento que se contempla na reforma desta Avenida.
- Que a conexión da saída da rotonda de Arnelas sexa dobre, para facilitar e mellorar a fluidez da circulación.
- Que se xestionen con urxencia o resto de cesións pendentes e, no caso de non conseguilas, se inicien as correspondentes expropiacións.
- Que se instalen, como mínimo, dúas zonas máis de contedores soterrados ao longo da Avenida. Sanxenxo, a 27 de Marzo de 2017."

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Martín González** aclarou que a Plataforma pediu reunirse co **Sr. Alcalde**, invitando a todos os grupos políticos municipais e non se fixo, logo cando se reuniron con eles, sen querer sacarse ningunha foto, pensaban que os ían apoiar, ata que apareceron os ideólogos do BNG. A continuación o interveniente resaltou que non lle gustaba o proxecto anterior, cando gobernaba o PP, polo tema das cesións, porque ou ceden todos ou se expropia, pero débese tratar a todos por igual e isto tampouco se respecta no proxecto actual, sendo responsable este goberno, que aínda estando en minoría, non quere consensuar. O edil no uso da palabra dixo que unha rúa de 24 metros de ancho non era para pasear, polo que se podían facer as beirarrúas menos anchas para poder aparcarse en batería e incrementar as prazas de aparcadoiro, ademais de que non se resolve o problema da rotonda de Arnelas, posto que se ben era partidario de facer un paso inferior, se non podía ser, polo menos que a rotonda fose máis grande, rematando a súa intervención para lamentar que o Vicepresidente da Deputación veña a Sanxenxo a dicir o que debe facerse e o **Sr. Alcalde** non comente nada, cando tivo que indicarlle que pedise desculpas, solicitando finalmente o voto a favor da moción para modificar o proxecto e dicíndolle ao máximo mandatario municipal que falase coa Presidenta da Deputación, non para transmitirlle o acordado, senón para esixir.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, lembrou que as críticas ao anterior proxecto eran polo túnel e polas cesións e resulta que no actual proxecto hai moitos edificios que non as fan. O interveniente sinalou que o concello pon un 30 % do financiamento e tiña que poñer máis da súa parte e, se se reducen as prazas de aparcamento, debía solucionalo e se non o fai é porque non lle dá a gana, solicitando do goberno municipal que demostren valentía, engadindo que ía apoiar a moción.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, logo de manifestar que era coñecedor dos posicionamentos políticos que se estaban a dar neste pleno e que non lle sorprendían no mais mínimo, indicoulle ao **Sr. Martín González** que se tiña algo pendente co Vicepresidente da Deputación, que o solucionase persoalmente e, respecto da Plataforma, dixo que as únicas reunións que tiveron foi coa oposición. En canto ao proxecto precisou que o voceiro do PP aludiu a que non lle gustaba o anterior e, en cambio, fixo continuas

alusións a el. O concelleiro interviniente destacou que agora só faltan 5 cesións, cando antes estaban todas pendentes e que o proxecto anterior non tiña sentido, cun túnel que convertía a rúa nun escenario de carreiras de coches, lamentando que se falara da redución de prazas de 140 a 40, cando se garanten, como mínimo de 80 a 90, estando dispostos a optimizar ao máximo a zona de aparcamento, engadindo que hai que poñer en valor esta rúa para convertela nunha zona atractiva deste concello, sen colectores soterrados, que son unha ruína e buscando unha mellora considerable no entorno, polo que non apoiaran a moción.

O **Sr. Martín González** sinalou que aínda que o proxecto anterior non lle gustaba, tampouco había que paralizalo e para precisar que agora seguen faltando cesións, non 5 senón 7, pero segue sen tratarse igual a todos e permítense xardíns privados. O interviniente manifestou que se quedan 90 prazas de aparcamento, estarían de acordo coas mesmas e falou do proxecto como obra ideolóxica do Vicepresidente da Deputación, o que lle parecía unha falta de respecto, polo que o goberno debería reflexionar e negociar coa Presidenta da Deputación, posto que se trata de cuestións asumibles e agora demostran debilidade, finalizando a súa exposición para expresar que o PP estaba conforme cos colectores soterrados, pero facendo ben o seu mantemento.

O **Sr. Agís Balboa** reiterou o seu apoio á moción e aos veciños.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestouse por optimizar o proxecto sen retrasos na execución da obra..

O **Sr. Alcalde** indicou que o seu compromiso cos veciños é igual que cando se reuniu coa plataforma, acusando ao voceiro do PP de facer demagogia, posto que este tema non debía politizarse e alegrándose de que o actual proxecto non lle gustase ao **Sr. Martín González**. O interviniente puntualizou que no proxecto xa hai mais de 100 prazas de aparcamento, engadindo que vai a defender todo o que sexa sensato e tecnicamente viable e que non se podían expropiar os terreos posto que o viario aínda non era municipal, engadindo que os que non cederon, aínda están a tempo de facelo. Por último sinalou que loitaría por ampliar as prazas de aparcamento o máximo posible, pero que non permitirá un retraso na execución dunha obra solicitada polos veciños desde facía mais de 20 anos, anunciando o seu voto negativo á moción.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos. -----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA APROBACIÓN DE ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A VENDA DA GUIA “OS BOLECHAS VAN A SANXENXO” (REXISTRO DE ENTRADA

NUM. 2.961 DO 27/03/17). A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Sandra Fernández Agraso concelleira do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN:

O O.A. Terra de Sanxenxo editou o libro *Os Bolechas van a Sanxenxo*. O Concello de Sanxenxo non dispoñía de ningún soporte escrito nin gráfico en galego dirixido especificamente a un público infantil, aspecto este que consideramos primordial para facilitar un primeiro achegamento e coñecemento dos nenos/as sobre o seu concello. Por este motivo considerouse que a edición da guía *Os Bolechas van a Sanxenxo*, onde os protagonistas fan un percorrido polas diferentes parroquias do municipio resaltando lugares emblemáticos de cada unha delas, sería idóneo para acadar este obxectivo. Os personaxes creados polo ilustrador Pepe Carreiro, son dende fai mais de 10 anos a revelación editorial en Galicia e son, á súa vez, os protagonistas da máis importante e exitosa serie da literatura infantil. A serie de guías de diferentes concellos nas que Os Bolechas fan escapadas por distintos puntos da xeografía galega está a ter unha gran acollida por parte dos nenos e nenas xa que estes son moi receptivos á información que se lle presenta de maneira clara e entretida e mais cando vai da man de personaxes coñecidos.

Un número importante de unidades desta guía repartiuse nos centros educativos para o alumnado de 3º e 4º cursos de Educación Primaria para o traballo na clase como guía didáctica pero ante o interese suscitado por parte de moitos pais e nais para poder adquirir o libro

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** solicita que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo.

ACORDO DA MOCIÓN:

Aprobación do acordo de establecemento do prezo público para a venda da guía *Os Bolechas van a Sanxenxo* de 7 € (4% IVE incluído).”

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia da moción, manifestando que non se trataba en se dunha moción, senón dunha proposta con informe económico financeiro e que esperou ao visto e prace da editorial e da Deputación Provincial para a tramitación, non chegando a tempo para comisión, sendo esta a forma de aprobalo sen esperar ao seguinte pleno.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, despois de especificar que ían aprobar a moción, precisou que se puido chamar por teléfono e falar deste asunto, no que se estaba a traballar desde febreiro, o que demostra que non había disposición para o diálogo.

A **Sra. Fernández Agraso** dixo que a súa intención foi clara, pero que tivo que agardar ata obter o visto e prace xa apuntado na súa anterior intervención, lembrándolle ao **Sr. Guisasola Padín** que cando estaba no goberno municipal, chegou a presentar por urxencia unha moción para un crédito por importe dun millón de euros para a praia da Carabuxeira.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sinalou que lle parecía ben a iniciativa.

O **Sr. Guisasola Padín** precisou que ter erros non significa que agora non poidan dicir o que consideren conveniente.

A **Sra. Fernández Agraso** reiterouse no manifestado anteriormente.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.** -----

4º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA PARA AUMENTAR A TRANSPARENCIA DO CONCELLO DE SANXENXO. O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 27 de Marzo de 2017, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN PARA AUMENTAR A TRANSPARENCIA DO CONCELLO DE SANXENXO

Como ben sabemos a transparencia non é característica deste concello, nin o foi nin o é agora. O máis estrano é que a presente corporación no famoso pacto de goberno falaba de que ía a ser un goberno de cambio e onde a transparencia sería unha premisa básica. Sen embargo, como estamos a ver dende hai case dous anos isto non é así. Aparte da falta de diálogo, a falta de transparencia (non publicar as contas das concellerías, etc) é total. Para min, como concelleiro, as veces conseguir certa documentación é un problema xa que a pides por rexistro pero logo o tempo dirá si a recibes ou non, cando e o que recibes. Así por exemplo:

- O prazo de 5 días para entregar a documentación que se require non se cumpre moitas veces.
- Falouse de que se publicarían as contas e que calquer veciño podería saber en que se gastan os cartos.
- Aprobouse unha moción para grabar e retransmitir os plenos municipais en mayo do 2016 e aínda estamos esperando.
- Solicitei unha documentación sobre dietas e gastos de representación do grupo de goberno, e non pasarón 5 días senón 5 semanas. O día que o notificador saeu a levarme os documentos a casa resulta que alguén do goberno o chamou para decirlle que voltará que os tiñan que revisar. Pregunto ¿Revisar o qué? ¿Por qué teñen que revisar os políticos do grupo de goberno papeis que teñen dereito a consultar todos os concelleiros, incluídos os da oposición? ¿Teñen algo que esconder?

Non sei se o goberno quere aumentar a transparencia ou non, pero o que está claro é que os cidadáns deste concello si o queren.

E por elo que procedo a presentar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:

- Instar ó Goberno Municipal do Concello de Sanxenxo a que calquer concelleiro que queira solicitar información sobre calquer tema do concello, xa que a lei o ampara e ese é un dereito que ten, o poida facer por escrito e que quede autorizado automaticamente sen necesidade dunha autorización previa de ningún membro do grupo de goberno.
- Solicitar algo por rexistro (documentación, etc) tamén se poderá requerir a través dun simple email dirixido ó alcalde e enviado ó rexistro ou secretaría do concello. Sanxenxo, a 27 Marzo de 2017.”

O **Sr. Secretario** sinalou que o segundo punto da moción non era factible legalmente ata que o concello tivese sede electrónica, algo que aínda non ten, dispoñendo de prazo ata outubro deste ano, en virtude do disposto na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O **Sr. Agís Balboa**, respecto do manifestado polo **Sr. Secretario**, aludiu a que modificaba o segundo punto da moción, no sentido de esperar á data na que o concello tivese sede electrónica, engadindo sobre o fondo do asunto que non ía permitir que lle revisen a documentación que solicite e mesmo que a leven de volta ao concello cando se ía a entregar.

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

O **Sr. Martín González**, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que, aínda que votarían a favor da moción, pedía ao relator a súa retirada, sempre que o **Sr. Alcalde** comprométase a entregar a documentación que se solicite, tal e como facía o interviniente cando ocupou a Alcaldía.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre o tema da notificación, dixo que lle pasaron mal o recado ao relator e que tan só contrastáronse os datos da listaxe do gasto en dietas, engadindo que a transparencia era absoluta, para o que poñerán a disposición dos veciños os gastos de representación nas diversas corporacións. O interviniente sinalou que tiñan o propósito de retransmitir os plenos, pero agora mesmo, coa actual rede, non era posible, o que se remediará con próxima licitación da telefonía móbil, finalizando para dicir que agora non será necesario, como se foi noutra época, recorrer ao xulgado para obter documentación e a que se está a punto de asinar un convenio coa Deputación Provincial para implantar a administración electrónica sen gastos para o concello.

O **Sr. Agís Balboa**, aludiu a que lle entregaron o que lle entregaron, a que os gastos do **Sr. Alcalde** coa tarxeta de crédito municipal teñen que ser públicos e a que non quería que lle volveuse a pasar o que lle sucedeu o outro día.

O **Sr. Alcalde**, especificou que non había nada que esconder, a pesar das suspicacias do anterior interviniente, que o único feito con respecto ao incidente sinalado polo relator da moción, foi aclarar os gastos de protocolo dentro das partidas e que non tiñan problema algún en apoiar a moción, porque xa agora cada concelleiro ten acceso á información.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación coa modificación no segundo punto da parte dispositiva que queda co seguinte texto: “Unha vez que o Concello de Sanxenxo dispoña de sede electrónica como consecuencia do transcurso do prazo sinalado na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, solicitar algo por rexistro (documentación, etc) tamén se poderá requerir a través dun simple email dirixido ó alcalde e enviado ó rexistro ou secretaría do concello.”

O Pleno por **unanimidade**, acordou aprobar a moción coa modificación anteriormente transcrita. -----

ROGOS:

-A **Sra. Freire Fernández**, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que coa regulación do tráfico en Forxán, prodúcese unha situación curiosa, xa que existe un sinal informando da dirección a Vinquiño na saída da autovía, cando poucos metros mais adiante aparece

outro sinal de dirección prohibida, polo que roga que, previo o informe policial que proceda, corríxase esta situación e poida seguirse nesa dirección para subir a Pedrouzos e Nantes. -----

-O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, **eleva ao Pleno da Corporación do 27 de Marzo de 2017, os seguintes rogos:**

ROGO 1:

Aquí Sanxenxo a burbulla inmobiliaria é coñecida por todos. Fixose de todo e máis. Sr. Alcalde, sin querer ofender, a raíz de que está a reparar un hotel e adaptando ás normativas vixentes, o cal aplaudo que se faga, un se pregunta porque levando en política 4 anos de oposición e case 2 no goberno e de alcalde (6 anos en total), e sabendo que o PXOM se aprobou no 2003 ¿por qué o fai agora?. Asumo que aproveitará de paso para legalizalo uso ou actividade do hotel. Vostede o está facendo a día de hoxe, imaxino que outros o farían xa. O meu rogo e basicamente que a ver cando se coñece Sanxenxo por outra cousa que non sexan os escándalos, entre outras cousas urbanísticos, e cande se fará política sen sacar proveito persoal.

ROGO 2:

O ano pasado aprobouse unha moción que presentei para reparar o pavillón de Portonovo. Saíu en prensa que a concellería de deportes fixera algún arreglo. Pois fun por alí e o único que fixeron foi parchear a pista e poñer dúas canastas. O problema da humidade, ventiladores, auga quente, vestiarios,....seguén igual. Rogo outra vez que se cumpran as mocións e que se fagan as cousas ben e non para quedar ben, que parece é a moda de agora. Sanxenxo, a 27 de Marzo de 2017.”-----

-O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, rogou ao **Grupo Municipal do Partido Popular** que reconsidera a súa postura no asunto dos colectores soterrados, en beneficio da imaxe dun concello turístico como este.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, respecto do rogo anterior, dixo que estarían encantados de colaborar neste asunto e que un contrato de catro anos de duración poden sacalo adiante desde o goberno municipal, se se pretenden dous anos mais estarían dispostos a reunirse, pero coñecendo en detalle todo o expediente e sempre que o goberno estea aberto ao debate.-----

PREGUNTAS:

-O **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que no Parque do Espiñeiro estanse a retirar unhas randeiras, preguntando onde se ían a colocar, contestando a **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, que os balancíns recolocaranse noutros sitios, onde poidan gozalos nenos con minusvalía e o **Sr. Deza Otero** avogou pola reubicación no mesmo parque.-----

O **Sr. Dominguez Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, referiuse ao estado do campo de fútbol de Noalla e a que desde o concello indicouse que non se poden facer as reparacións necesarias mentres non se lle ceda o campo, preguntando como ía o tema. O **Sr. Alcalde** respondeu que non seu día non se cambiou a titularidade e agora xa faláron na Notaría para

acelerar as xestións para conseguilo, aínda que ao ser propiedade dunha comunidade de montes, existen trámites de competencia da Xunta. -----

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, formulou a seguinte pregunta:

“Todos coñecen a polémica co edificio Construcuatro no paseo de Silgar. Ten una sentenza do Supremo que obriga a derribar parte do edificio. Asumo o Sr. Daniel, concelleiro de urbanismo, sabrá sobre o tema. **¿Me gustaría saber que vai facer o goberno para facer cumprir esta sentenza e se non solicitaron a orde de derribo parcial, por qué non o fixeron, cales son os motivos?**”O Sr. **Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, contestou que a demolición non era competencia do concello.

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, formulou a seguinte pregunta:

“Como sabedes están a construír un edificio para instalacións deportivas e con licenza municipal alí no Castro en Dorrón. Parece ser que está obra é polémica e se incumpren algúns artigos da Lei de Solo (10 febreiro 2016). Ademais hay algunha denuncia veciñal como mostra un artigo de prensa do 24 de febreiro do 2017. Falei co servizo xurídico do concello e o que dixeron é que según a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) hay “exceso de salas de ximnasio”, e dicir, construíuse de máis. Recordar que a finca é rústica con uso agrario e A Ley de Solo dí que se poden facer as “instalacións mínimas indispensables”. A APLU é coñecedora e abríulle un expediente e requeriulle información ó concello de Sanxenxo sobre dita obra xa en agosto do 2016. Sen embargo, parece que ninguén fixo nada e a obra está case rematada” **¿Gustaríame saber si están a facer as xestións necesarias e como pretenden legalizar dito edificio pois según os servizos xurídicos do concello é legalizable?**”O Sr. **Alcalde** respondeu que se se concedeu a licenza, foi porque contaba cos informes favorables dos técnicos, engadindo que non era verdade o que lle dixeron ao inquirinte porque o construído adáptase á licenza.

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, formulou a seguinte pregunta:

“Recentemente despois de Londres, Fitur, Berlin....pois iste ano tamén Moscú, e só pasarón 3 meses dende o comezo do ano. O grupo de goberno é viaxeiro, e seica vai a promocionar Sanxenxo. Na recente viaxe a Moscú o alcalde foi a Rusia porque el é o representante da Mancomunidade do Salnés de Turismo. Sen embargo, o concelleiro de Turismo de Sanxenxo, o Sr. Sueiro, non pinta nada na Mancomunidade, pero tamén foi a Moscú, e iso que a semana antes estivera en Berlín. Que bonito é viaxar, sobre todo cando é a conta dos demais ou mellor dito, de todos nós. Polo que saíu en prensa solo se falou do Salnés e nada de Sanxenxo, pois a iso iban, como representantes da Mancomunidade do Salnés.**Si a promoción era da Mancomunidade do Salnés e o concelleiro Jesús Sueiro non é representante nesta Mancomunidade ¿Quén financiou entón a viaxe do concelleiro Jesús Sueiro, qué outros concelleiros do Salnés forón tan afortunados como o Sr. Sueiro, e qué promoción levaron de Sanxenxo (folletos, axendas, videos,...) si se levou algunha? Ou só se foi de viaxe a coñecer as matroskas, o Kremlin, ou a promocionar a adega de viño de algún amigo?** Sanxenxo, a 27 Marzo de 2017.”O Sr. **Alcalde** sinalou que non ía comentar o dito por unha persoa a quen botaron do seu propio partido e que non representa a ninguén e aludiu a que faría todo o posible para poder captar negocio para Sanxenxo e para a Mancomunidade do Salnés, esperando un retorno moi superior ao gasto causado pola presenza nestes actos.

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, formulou a seguinte pregunta:

“Recentemente seica houbo un conflito mediático entre vostedes e o PP, o cal non é raro. Uns queren conectar o Polígono a depuradora de Dena, e outros (vostedes) a Paxariñas. **¿Si vai a Paxariñas cando comezarán as obras (xa teñen o proxecto, partida presupuestaria,...) e si ós vecinos de Paxariñas lles agradaría a idea?**”O Sr. **Alcalde** contestou que tentaba buscar solucións, o que non facía o inquirinte.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e tres horas e corenta e seis minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: